

OBRADOIRO LITERARIO

Campamento de verán – Penedas de Xacinto

Entrimo

Programación

1. Introducción

O presente obradoiro enfoca dous aspectos da literatura desde unha perspectiva introdutoria. Dunha banda a “utilidade” da literatura, aborda a relación entre as actividades cotiáns do ser humano e a presenza da literatura nestas actividades. Doutra, abórdase unha introdución ás técnicas de creación literaria, especialmente na vertente narrativa, incluíndo técnicas literarias empregadas na narración audiovisual.

O obxectivo da primeira parte é amosar o vencello entre a literatura e a vida, tanto en aspectos puramente persoais como culturais e mesmo políticos. O obxectivo da segunda parte é proporcionar técnicas e métodos de creación literaria que sirvan para mellorar a expresión e a creación narrativa desde unha perspectiva ampla. Para elo proporciónase unha serie de exemplos con especial incidencia no ámbito das cancións, como forma de aproximación á expresión poética, e textos para a aproximación á narrativa

Baixo estas premisas, desenvolveranse as seguintes actividades:

A. Utilidade da Literatura (primeira sesión, 3 horas)

PRESENTACIÓN DE EXEMPLOS:

Actividades do ser humano

1. Rezar:
2. Liberar adrenalina:
3. Desafogarse:
4. Cantar:

Exemplo literario:

Lectura de texto

Oración polos parvos
O abreite é un desatino
Eu queríate

Blowing in the wind
Le meteque
Lili Marlene
Txori, txori
Laura
Pequeña serenata diurna
O carro
Como hei vivir mañá sen a
luz túa?

5. Declararse:

Me gustas cuando callas

6. Despedirse

Puedo escribir los versos más
tristes esta noche...

7. Enrabecharse

Vestida de aldraxe

Tempo estimado: media hora

Actividade 1: Escritura de cartas

Escribir tres cartas:

- Unha declaración de “intereses” a esa persoa que tanto nos chama a atención que soñamos con ela
- Unha declaración de inconformidade cunha inxustiza (se non sabedes outra probade cunha académica)
- Unha descrición do campamento e do ben (ou mal) que o estades pasando

Condições para as tres cartas:

- Non deben pasar de medio folio
- Non se deben poñer nomes reais, porque despois ímolas ler
- Procurade non poñer moitas barrabasadas.

Tempo estimado: unha hora

Actividade nº 2. Cancións

1. Comentario a unha canción

Ne me quitte pas, *Jacques Brel*

Suxestións para iniciar o debate:

- Que é o que máis che chama a atención do texto?
- Que opinas da canción?
- Coñecías a canción?

2. Debate sobre a canción

Tempo estimado: media hora.

3. Escribe unha canción para recordar algunha relación que tiveche (non ten que ser necesariamente amorosa)

Ejemplos: Paraules d'amor , Lucía. *Joan Manuel Serrat*

Actividade nº 3. A patria na linguaxe poética

Textos de exemplo:

Nire aitaren etxea, Gabriel Aresti

Terra de proseguir e non dar nada , Xosé Lois Méndez Ferrín

Patria, vuelvo hacia ti la sangre, Pablo Neruda,

Debate sobre o texto

Comenta as semellanzas e diferenzas entre os dous poemas.

Tempo estimado: unha hora

Actividade nº 4 (reserva)

Na outra banda

Lé o texto.

Escribe un pequeno poema de temática amorosa.

B. Creación narrativa. (Segunda sesión, 6 horas)

A segunda sesión enfocouse á creación narrativa entendida desde unha perspectiva ampla. A amplitude da perspectiva consistiu na definición dos aspectos básicos da creación literaria tradicional para, a seguir, expor unha introdución simple da base literaria e os elementos técnicos básicos da narración audiovisual.

Actividades :

Presentación dos aspectos básicos do proceso creador da narrativa:

SUMARIO

1. O narrador
 - a. Narrador omnisciente
 - b. Narración en primeira persoa
 - c. Narración en terceira persoa
 - d. Usos da segunda persoa
2. Extensión
 - a. Novela
 - b. Conto
 - c. Relato
3. Xénero
 - a. Novela negra
 - b. Novela xuvenil
 - c. Novela histórica
 - d. Ciencia ficción
 - e. Fantasía
4. As personaxes
 - a. Personalidades
 - b. Emocións e interaccións
 - c. O papel na trama
5. O guión
 - a. Estrutura xeral
 - b. Estrutura particular: escenificación
6. O estilo
 - a. Narrativa clásica
 - b. Narrativa automática
 - c. Diálogos

Actividades prácticas

Material

Texto:

Técnicas, elementos e condicionantes da narrativa literaria

A narración audiovisual. Conceptos elementares.

Presentación audiovisual

Técnicas, elementos e condicionantes da narrativa literaria

Desenvolvemento:

Exposición:

Técnicas, elementos e condicionantes da narrativa literaria e audiovisual

Duración: unha hora e cuarto.

Descanso:

15 minutos

Actividades de creación

Talleres de creación

Constitución de grupos de traballo baixo a supervisión do relator e os monitores do campamento, dedicados ás temáticas que se indican.

Grupo 1. Creación Literaria.

ACTIVIDADE: Elaboración dun pequeno relato ou conto, seguindo o proceso indicado no texto.

Grupo 2. Banda deseñada

ACTIVIDADE: Elaboración de guión para banda deseñada, seguindo o proceso indicado

Opcional: elaboración da historia en formato final

Grupo 3. Narración audiovisual

ACTIVIDADE: Elaboración de guión para banda deseñada, seguindo o proceso indicado

Opcional: Filmación